



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traballo de Fin de Máster

|                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |        |       |              |
|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|--------------|
| Materia               | Traballo de Fin de Máster                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |        |       |              |
| Código                | V06M101V01208                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |        |       |              |
| Titulación            | Máster Universitario en Comercio Internacional                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | OB     | 1     | 2c           |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |        |       |              |
| Departamento          | Estatística e investigación operativa<br>Organización de empresas e márketing                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |        |       |              |
| Coordinador/a         | Vaamonde Liste, Antonio<br>Cabanelas Lorenzo, Pablo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |        |       |              |
| Profesorado           | Cabanelas Lorenzo, Pablo<br>Comesaña Benavides, Fernando<br>Lampón Caride, Jesús Fernando<br>Sandoval Pérez, María de los Angeles<br>Vaamonde Liste, Antonio                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |        |       |              |
| Correo-e              | vaamonde@uvigo.es<br>pcabanelas@uvigo.es                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |        |       |              |
| Web                   | <a href="http://faitic.uvigo.es/index.php/es/">http://faitic.uvigo.es/index.php/es/</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |        |       |              |
| Descrición xeral      | O traballo fin de máster é unha materia do Master na que o estudante debe demostrar a súa madurez intelectual e a súa capacidade para integrar coñecementos, actitudes e habilidades. En consecuencia, debe responder a criterios de calidade e rigor, polo que se seguirá unha metodoloxía específica suxerida polos profesores que permita identificar axeitadamente as necesidades de información e a selección de fontes, o tratamento de datos e a presentación de resultados conforme se exigen dende o Master e, como paso previo aos retos aos que terán que afrontar nun futuro profesional. |        |       |              |

## Competencias

|        |                                                                                                                                                           |
|--------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código |                                                                                                                                                           |
| C11    | Realización de un proxecto completo de internacionalización de empresas, planificación de operacións de comercio internacional, o marketing internacional |
| D24    | Planificación y realización de un proxecto integrado de internacionalización.                                                                             |
| D25    | Planificación y realización de un proxecto de marketing internacional.                                                                                    |

## Resultados de aprendizaxe

|                                                                                                                                                                                    |                                       |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|------------|
| Resultados previstos na materia                                                                                                                                                    | Resultados de Formación e Aprendizaxe |            |
| -Absorber coñecementos potenciando actitudes e habilidades capaces de axudar a competir nun entorno global.                                                                        | C11                                   | D24<br>D25 |
| -Interiorizar os coñecementos adquiridos mediante a integración conceptual, a análise e a aplicación práctica.                                                                     |                                       |            |
| -Desenvolver unha metodoloxía adecuada para o diagnóstico, a xeración de alternativas e a elección de opcións para a internacionalización de empresas, organizacións ou proxectos. |                                       |            |
| -Propiciar a toma de decisións activa nun contexto empresarial.                                                                                                                    |                                       |            |
| -Favorecer a implicación na posta en marcha de proxectos de internacionalización ou desenvolvendo algún xa existente.                                                              |                                       |            |
| - Estimular o aprendizaxe de proxectos de internacionalización.                                                                                                                    |                                       |            |

## Contidos

|      |
|------|
| Tema |
|------|

Os contidos do proxecto poderán desenvolverse en calquera actividade que implique internacionalización, con especial valor a aquelas que impliquen alianzas ou o desenvolvemento de cooperación.

Os ámbitos do proxecto poderán centrarse nos seguintes:

- Exportación ou importación de produtos.
- Comercialización de servizos.
- Adquisición ou venda internacional de tecnoloxías ou desenvolvemento de proxectos internacionais que impliquen accións consolidadas de I+D.
- Acordos de distribución e de cooperación nos que participen axentes internacionais.
- Producción, distribución, elaboración no exterior de produtos ou servizos.
- Acordos de cooperación entre organizacións, empresas ou entidades que impliquen accións no ámbito global ou internacional, en particular, empresas mixtas, filiales, tanto de produción como de comercialización, contratos de asistencia técnica, licenzas, contratos de asistencia, subcontratación, participación en proxectos i+d.
- Tamén poderían articularse como combinación dos anteriores ou outras propostas a avaliar polos profesores sempre que impliquen internacionalización directa ou inversa.

### Planificación

|                                  | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|----------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado                | 5             | 15                 | 20           |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | 10            | 90                 | 100          |
| Traballo                         | 3             | 27                 | 30           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                                  | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballo tutelado                | Traballo autónomo para parte de o alumno que será supervisado polo titor asignado desde a coordinación da materia. Esta asignación pode derivar dun acordo entre o alumno e o titor, ou a asignación pode vir desde a coordinación da materia pola proximidade temática.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | <p>INTRODUCCIÓN:</p> <p>Xustificación do traballo</p> <p>Obxectivos [identificar]</p> <p>Descrición específica da metodoloxía</p> <p>1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO</p> <p>1.1 ANÁLISE DA CONTORNA GLOBAL.</p> <p>1.2 ANÁLISE DA CONTORNA ESPECÍFICO.</p> <p>1.3 ANÁLISE INTERNA [SE PROCEDE].</p> <p>1.4 DIAGNÓSTICO.</p> <p>2. ESTRATEXIAS.</p> <p>2.1 FIXACIÓN DE OBXECTIVOS.</p> <p>2.2 ESTRATEXIAS DE INTERNACIONALIZACIÓN.</p> <p>2.3 SÍNTESE: PLAN DIRECTOR DE INTERNACIONALIZACIÓN (análise simple de viabilidade).</p> <p>3. CONCLUSIÓNS.</p> <p>Bibliografía.</p> <p>Apéndices.</p> |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                     | Descrición                                                                                                                                          |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Aprendizaxe baseado en proxectos | O estudiantado ten sesións de orientación e cadanseu titor individual.                                                                              |
| Traballo tutelado                | Atención por parte do titor á evolución do traballo. O coordinador da materia informará das datas e procedementos que han de cumprir os estudantes. |

| <b>Avaliación</b>                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |               |                                       |            |
|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------------------------|------------|
|                                  | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |            |
| Traballo tutelado                | INFORME ELABORADO POLO TITOR.<br><br>O informe do titor, coñecedor do traballo, se terá en conta na cualificación do alumno.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | 30            |                                       |            |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | DESENVOLVEMENTO E ELABORACIÓN DO PROXECTO.<br><br>O non cumprimento de prazos implicará unha valoración de cero no apartado correspondente. Rango de avaliación: 0-10:<br><br>- Proposta e xustificación do proxecto, peso 5% (si o alumno non presenta unha proposta no prazo previsto adxudicáraselle polo profesor un proxecto).<br>- Estrutura e índice tentativo, peso 5%.<br>- Elaboración da análise (da contorna e interno, si procede), peso 30%.<br>- Elaboración do diagnóstico, peso 20%.<br>- Elaboración de estratexias, peso 30%.<br>- Elaboración da viabilidade e implantación, peso 10%. | 40            | C11                                   | D24<br>D25 |
| Traballo                         | PRESENTACIÓN FINAL DO PROXECTO:<br>A presentación poderá ser pública. Os criterios de avaliación serán os seguintes:<br>Calidade da presentación, peso 20%<br>Contidos, peso 50%<br>Enfoque e orixinalidade, peso 20%;<br>Bibliografía e documentación, peso 10%                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 30            | C11                                   | D24<br>D25 |

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

As dúas fases, Desenvolvemento e elaboración do proxecto (Proxectos) e Presentación final do proxecto (Traballos e proxectos) necesitan ser superadas. É dicir, é necesario obter polo menos un 5 globalmente en cada parte para superar a asignatura de proxecto.

No caso de concorrer á segunda convocatoria, avaliarase igualmente o seguimento do proxecto cun 40% e o 30% da avaliación global corresponderá á Presentación final do proxecto que o alumno entregará nas condicións establecidas polos profesores, e se avaliará de acordo cos criterios establecidos na Presentación final do proxecto (apartado de traballos e proxectos). O titor aportará unha cualificación numérica que corresponde ao 30% da cualificación.

No caso de que o TFM sexa cualificado só polo titor/a, sempre que a normativa permita esta opción, o titor utilizará os mesmos criterios indicados en esta guía sen a limitación do 30% citada no párrafo anterior.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

#### **Bibliografía Complementaria**

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Recoméndase superar as materias do primeiro cuadrimestre.